

VICTORIANO ZAIBO




organizan



*IV Certame de Poesía*  
**VICTORIANO ZAIBO**  
ENTIDADE LOCAL DE MORGADÃS

A Entidade Local de Morgadáns  
en colaboración co Instituto de Estudos Miñoranos  
**IV Certame de Poesía VICTORIANO TAIBO – ENTIDADE LOCAL DE MORGADÁNS**  
dotado con TRES MIL (3000) € que se rexerá polas seguintes bases:

- 1.- Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, de temática libre, escritos en lingua galega e non poderán ser adaptacións.
- 2.- Cada traballo consistirá nun ou varios textos poéticos, cunha extensión non inferior a 300 versos, que constitúan un conxunto.
- 3.- De cada obra presentarase orixinal e catro fotocopias. Os autores ou autoras concursarán polo sistema de plica. Os traballos faranse chegar por correo ao seguinte enderezo:  
 **Apartado 30  
36380, Gondomar  
(Pontevedra)**
- 4.- Os traballos presentados conservaranse durante un mes a partir da data de publicación da resolución do xurado e logo destrúanse os que non fosen solicitados polos seus autores ou autoras.
- 5.- O prazo de admisión de orixinais comezará cando se faga pública esta convocatoria e rematará o día 30 de xullo de 2011.
- 6.- O xurado estará presidido polo Presidente da Entidade Local de Morgadáns, ou persoa na que delegue, e actuará como secretario o Director do IEM, ou persoa na que delegue, ambos con voz pero sen voto. Estará constituído, ademais, por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario.
- 7.- A obra premiada será publicada polo IEM na colección Victoriano Taibo e non xerará dereitos de autor nesta primeira edición.
- 8.- O premio outorgado será único e indivisible. O xurado poderá decláralo deserto se estima que a calidade das obras presentadas así o aconsella.
- 9.- Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado.
- 10.- O feito de participar supón a aceptación destas bases.

**Máis información sobre o certame**  
[www.minhor.org/premio-victoriano-taibo](http://www.minhor.org/premio-victoriano-taibo)